



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Servizo	Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025
Plan	Planificación deportiva anual do Concello de Santa Comba (PSERVXAL)
Código servizo	2024/C004/000004
Orzamento	70519,1 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLCSP)	2024/C004/000004
Procedemento	aberto, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
Tramitación	ordinaria
Órgano de contratación	A alcaldía

**Lugar:** Salón de Plenos da Casa do Concello

**Sesión núm.:** 4

**Tipo de sesión:** ordinaria

**Data:** 13 de setembro de 2024 (venres)

**Hora de comezo:** 14:48 h

**Hora de remate:** 14:54 h

### ASISTENTES

- Patricia Val Antelo, concelleira-delegada de Cultura; Deportes; Educación; Formación; Normalización Lingüística; Comunicación e Tecnoloxía; Xuventude, presidenta
- Cristina Alonso Losada, secretaria xeral, vogal primeiro
- Evaristo Lois Rama, interventor accidental (PR da DXAL do 30/03/2021 e PD alcalde núm. 1374/2024 do 05/09/2024), vogal primeiro
- María del Carmen Castro Reborido, xefa do Negociado de Tesourería, como secretaria da mesa, con voz e sen voto

### ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior, a núm. 3 do 21/08/2024
2. Comprobar a documentación requirida ao licitador que presenta a mellor oferta
3. Proposta de adjudicación, se procede
4. Rolda de intervencións

Foi comprobado pola secretaria da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

O interventor municipal asiste e exercita o dereito de voto por medios telemáticos.

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



## DEBATE E ACORDOS

### 1 Aprobación acta sesión anterior, a núm. 3 do 21/08/2024

A secretaria xeral manifesta que se abstén na votación xa que logo non participou como funcionaria que ten encomendado o asesoramento xurídico no debate nin nas resolucións aprobadas por seren substituídos nesas funcións pola secretaria accidental, Evaristo Lois Rama.

Apróbase a acta da sesión anterior, a núm. 3 correspondente ao 21/08/2024, de carácter ordinario.

### 2 Comprobación da documentación ao licitador presenta mellor oferta

A mesa de contratación, en sesión realizada o 21/08/2024, acordou, entre outros, este asunto:

"2.- *Propoñer ao órgano de contratación a clasificación das ofertas por orde decrecente:*

<i>Empresa Licitadora</i>	<i>Puntuación total orde descendente</i>
VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL	52,09
LUDUS TEMPORI S COOP GALEGA	25,34

3 *Propoñer ao órgano de contratación requirir ao ofertante que acadou a mellor puntuación, VV XESTIÓN DE ACTIVIDADES, SL, (CIF núm. G15354483), para que, presente no tempo e na forma a documentación xustificativa de:*

- Constituír a garantía definitiva, por importe de 2.910,14 €, o 5 % do prezo final ofertado, excluído o IVE.*
- Achegar o compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCSP se a empresa desexa recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van a executar as obras ou prestar servizos para os cales son necesarias ditas capacidades (só se a persoa licitadora recorrer a esta capacidade).*
- Dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 76.2 do PCAP, para o que deberá presentarse esta documentación:  
- o anexo VI do PCAP, páxinas 53 e 54, (adscripción de medios materiais e persoais).*
- Documento acreditativo da personalidade física ou xurídica da persoa:  
- cláusula VII e apartados 7.1 (-solvencia económica e financeira e solvencia técnica-). Se non estivese inscrito no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- as certificacións de estaren ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e tamén coas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia".*

A alcaldía no decreto núm. 1284/2024 do 22/08/2024, logo da proposta da mesa de contratación, resolve clasificar as proposicións e requirir á empresa a documentación antes da adxudicación, ao abeiro do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe na licitación (PCAP).

A secretaria da mesa, o 23/08/2024, mediante a comunicación no PLCASP requiriu ao licitador que formulou a mellor oferta para que dentro do prazo de 10 días soltos, contados desde o día seguinte a aquel en que recibise o requirimento presente, por medios electrónicos e con firma electrónica, a documentación que se esixe no PCAP



A secretaría da mesa indica que a empresa VV XESTION DE ACTIVIDADES, SL, presentou os documentos no tempo e na forma, por medios electrónicos e coa sinatura electrónica, na Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLACSP). (Data que presenta: 05/09/2024. Código seguro de verificación: NPG0H\_AFF0H\_TMYDQ\_12469). Complementando a documentación, (anexo de medios materiais e persoais), o 06/09/2024, co Rexistro de Entrada núm. 202499900002109).

A mesa comproba a documentación que presenta a empresa proposta como adxudicataria, segundo a o PCAP. Os datos máis relevantes:

Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público	
Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXCCCA Galicia) núm.	4289
Obxecto social	
Sociedade terá por obxecto: a) As actividades de promoción, xestión e asesoramento de actividades deportivas, de ocupación de tempo libre, de ocio e de aventura. b) As actividades de adestramento e formación en todas as disciplinas deportivas. c) As actividades de limpeza e mantemento de instalacións de centros deportivos, industriais, residencias e de espazos públicos. d) As actividades de recepción e conserxería de escolas, pavilións, instalación deportivas e espazos socio culturais. e) A explotación de albergues, a organización de campamentos de verán eo desenrolo de actividades o aire libre. f) A venda de material deportivo. G) As actividades de escola de danza. As actividades do obxecto social poderán ser desenvolvidas, total ou parcialmente, de modo indirecto, mediante a titularidade de accións ou participacións en sociedades con obxecto idéntico ou análogo.	

Representación e/ou apoderamentos
Representación única: Juan Manuel Vegas Barbero (NIF ***773***). Protocolo: 2059. Data: 26/10/2006.

Declaración non consta causa de prohibición de contratar
Consta a declaración responsable no expediente: non ten causa de prohibición de contratar

#### Cumprimento de obrigas tributarias, AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social (art. 71.1.d da LCSP)

Cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social:			
	Data emisión	Data validez	Carácter
Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia	20/06/2024	20/12/2024	Positivo
Certificado de cumprimento coas obrigas tributarias do Estado	20/06/2024	20/12/2024	Positivo
Certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	20/06/2024	20/12/2024	Positivo

#### Alta e xustificación de pagamento do imposto de Actividades Económicas (IAE)

Alta e xustificación de pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE):						
Epígrafe	Ámbito	Provincia	Concello	Pagamento/exención	Exercicio	Observacións
844.0	Cota local	A Coruña	Ames	Exento art. 82.1.c RDL 2/2004	2019	Xustificado mediante certificado do/a Axencia Tributaria.
967.2	Cota local	A Coruña	Ames	Exento art. 82.1.c RDL 2/2004	2019	Xustificado mediante certificado do/a Axencia Tributaria.
967.2	Cota local	A Coruña	Santiago de Compostela	Exento art. 82.1.c RDL 2/2004	2019	Xustificado mediante certificado.



<b>Garantía definitiva</b> (5 % prezo que oferta, excluído o IVE)	2910,14 €
Entidade: Abanca. Data do aval: 05/09/2024. Aval depositado en metálico	
<b>Acredita dispor efectivamente medios persoais e materiais</b>	Si

A Xefa de negociado de tesourería informa que a persoa licitadora proposta non ten débedas con este Concello.

Incorpóranse ao expediente os documentos mencionados.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

Considerar que os documentos que presenta a empresa *VV XESTION DE ACTIVIDADES, SL* son correctos e de acordo co PCAP.

### 3 Proposta de adjudicación, se procede

Logo de comprobar que a empresa *VV XESTION DE ACTIVIDADES, SL* presentou a documentación correcta, segundo o PCAP.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A mesa de contratación ou, na súa falta, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para, posteriormente, elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación, no caso de que a clasificación a realice a mesa de contratación, ao abeiro do artigo 150 da LCSP (clasificación das ofertas e adjudicación do contrato).

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Elevar a proposta ao órgano de contratación de adjudicar o contrato do servizo **Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025** a prol da proposta que presenta a mellor oferta, (relación calidade-prezo):

Persoa proposta para a adjudicación		
Licitador	NIF	Puntuación
VV XESTION DE ACTIVIDADES, SL	B70077292	52,09



Prezo de adxudicación e condicións/vantaxes da oferta				
Prezo total	Valor estimado	Importe IVE (21 %)	Economía/Baixa	Condições/vantaxes da oferta
<b>70425,39 €</b>	58202,80 €	12.222,59 €	93,71 €	Xornadas de fomento do deporte, hábitos de vida saudables e mellora da calidade de vida: 3 xornadas anuais
<b>Prazo de execución</b>	O prazo de execución do servizo abranguerá o período comprendido entre os meses de setembro de 2024 e maio de 2025. A data estimada de inicio é o 16 de setembro, e a de finalización o 31 de maio.			
<b>Prezo en letra</b>	Setenta mil catrocentos vinte e cinco euros con trinta e nove céntimos de euro			

Motivación
A mellor oferta, (relación calidade-prezo). A puntuación máis alta dos criterios de valoración do PCAP

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a prol do licitador proposto fronte á Administración (artigo 157.6 da LCSP).

#### 4 Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria da mesa

María del Carmen Castro Reborido

(Documento que se asina electronicamente)

A presidente da mesa

Patricia Val Antelo